




# RÍO CALDO



Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 7 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 horas




Río Caldo, un afluente do Limia que recibe o seu nome polas surxencias termais que aparecen na súa canle que foron aproveitadas desde tempos dos romanos.

Unha ruta no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, no concello de Lobios, que combina natureza, arte e historia. Nunha gran parte discorre pola Vía Romana e coincide cunha gran ruta (Ruta da Historia) que vai desde o encoro das Cunchas ata a fronteira con Portugal.

## COMO CHEGAR:

Desde Riocaldo cóllese un camiño que conecta co trazado da antiga Vía Romana. Tamén se pode iniciar a ruta nos miliarios romanos, na estrada de Lobios a Portela do Homen. Pódese facer ida e volta polo mesmo camiño ou pola estrada.

Desde a zona dos miliarios parte unha ruta que segue o río Caldo na que podemos observar unha gran variedade de especies de interese entre as que destacan exemplares de érvedos e loros (*Prunus lusitanica*). Tamén se pode completar subindo á Corga da Fecha.



Pasal sobre o río Caldo.





Miliarios romanos.




Aquis originis, Vila termal romana..



Piscinas que aproveitan as surxencias termais do río Caldo..

Calzada romana en Riocaldo.

Na época romana foi unha importante zona de paso. Por esta zona discorria unha das catro vías, a que cruzaba pola Portela do Homen, que atravesaba Galicia para unir Braga e Astorga.



Loro ou acereiro (*Prunus lusitanica*), ten na serra do Xurés a única localización en Galicia.